

CONVOCATORIA DO PREMIO XOHANA TORRES

O Premio de Investigación Xohana Torres foi institucionalizado pola Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela no ano 1993 co obxecto de contribuír ao coñecemento sobre as mulleres que destacaron nalgún eido, tanto na actualidade como no pasado, na vida da nosa Comunidade.

Xohana Torres, poeta, dramaturga e novelista, naceu en Santiago de Compostela en 1931. A súa infancia e mocidade transcorreron en Ferrol, onde foi alumna de Ricardo Carvalho Calero, con quen se inicia no coñecemento da literatura galega. Comezou a publicar poemas nas revistas *Aturuxo*, *Vida Gallega* e *Vieiros* e no ano 1958 recibiu o primeiro Premio de Poesía da Asociación de Prensa de Vigo. A súa obra poética mereceu tamén o Premio da Crítica Española (1981).

Como dramaturga é autora das obras *Á outra banda do Ibero* (1965) e *Un hotel de primeira sobre río* (1968), esta última Premio Castelao de Teatro. No ano 1971 publica a novela *Adiós María*, gañadora do Premio de Galicia do Centro Galego de Bos Aires. No ano 1992 foi galardoada co Premio á Creación Feminina instituído pola Xunta de Galicia.

Autora tamén de obras de literatura infantil e tradutora, Xohana Torres obtivo o Premio de Etnografía da Deputación da Coruña polo seu ensaio *San Andrés de Lonxe, mitos e ritos*, e no ano 1972 recibiu o Pedrón de Ouro polo seu continuado labor en prol de Galicia.

Como recoñecemento á súa obra, o 15 de febreiro de 2001 foi proposta polos académicos don Salvador García Bodaño, don Xosé Luis Méndez Ferrín e don Xosé Luis Franco Grande para ocupar a vacante na Real Academia da Lingua Galega que correspondera ata daquela a don Aquilino Iglesia Albariño, logo do cal ingresou como académica numeraria o 27 de outubro de 2001 cun discurso titulado "Eu tamén navegar".

O Premio Xohana Torres rexerase polas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- Poderán concorrer todas as persoas residentes na comunidade autónoma galega, de xeito individual ou colectivo, que presenten un traballo inédito de investigación.

SEGUNDA.- O contido do traballo estará referido a calquera aspecto social, histórico ou humano da muller dentro da comunidade galega.

TERCEIRA.- O prazo de presentación dos traballos comeza o día 8 de marzo e remata o 31 de decembro.

CUARTA.- Os traballos terán que estar redactados en lingua galega e escritos en follas tamaño DIN A4 por unha soa cara e a dobre espazo.

QUINTA.- Os traballos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello identificados cun lema. Acompañaranse cun sobre pechado co mesmo lema no que se inclúan os datos persoais da persoa ou persoas participantes.

SEXTA.- O xurado estará formado polo Alcalde Presidente do Concello de Santiago ou Concelleira/o no que delegue, o secretario xeral do Concello de Santiago ou funcionario/a no que delegue, o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela ou persoa na que delegue, e tres profesores e/ou profesoras desta, no campo da investigación.

SÉTIMA.- Os membros do xurado non poderán formar parte de ningún equipo de investigación que participe na convocatoria.

OITAVA.- A decisión do xurado darase a coñecer o día 8 de marzo do ano seguinte, nun acto público celebrado a tal efecto, na casa consistorial.

NOVENA.- O premio será indivisíbel e, no caso, de que ningún dos traballos presentados reúna as condicións técnicas necesarias, a xuízo dos membros do xurado, poderá ser declarado deserto

DÉCIMA.- O premio estará dotado coa cantidade de 3.000 € para o único traballo premiado, que a persoa ou persoas gañadoras recibirán do Concello de Santiago a conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. A concesión do premio implicará a cesión en exclusiva ao Concello de Santiago e á Universidade de Santiago de Compostela dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da/s persoa/s gañadora/s, nos termos da lexislación vixente (R.D.L. 1/1996, do 12 de abril).

DÉCIMO PRIMEIRA.- As persoas participantes deberán asistir a asistir ao acto de entrega do premio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos seus autores/autoras no Concello de Santiago ata o día 8 de abril seguinte ao fallo do premio.

DÉCIMO TERCEIRA.- A participación neste premio supón a aceptación destas bases. O incumprimento dalgunha delas suporá a exclusión do premio.